

DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE



Hoxe conmemoramos o [Día do Medio Ambiente](#). Para esta gran ocasión, pretendemos que miredes e escoitedes con atención o vídeo que vos temos preparado, sobre a praia de Laxe. Só tedes que pinchar na imaxe!

ACTIVIDADES



A primeira actividade consiste nun divertido paseo pola praia de Laxe, provistos das medidas de protección necesarias. Neste paseo debemos observar que elementos non deben estar nas nosas praias e actuar ante iso, recollendo o maior número posible de lixo, coa fin de tomar conciencia e de valorar os ambientes naturais limpos.



Unha vez recollido o lixo, e xa na casa, propoñémosvos que elixan algún elemento recollido e como auténticos publicistas, elaboren unha campaña a favor do medio ambiente. Deberán realizar un cartel publicitario recollendo o material contaminante seleccionado e tamén unha mensaxe clara a favor do medio ambiente.